

**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN DO CONSERVATORIO DE MÚSICA TRADICIONAL E  
FOLQUE**

En Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2017

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Martiño Noriega Sánchez, en calidade de Alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, con domicilio, a estes efectos no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela e C.I.F. 1507900-G.  
Doutra parte, Dona M<sup>a</sup> Mauro Sanin Leira, con DNI 32683137E en nome e representación da Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque, con enderezo en Santiago de Compostela, Rúa das Salvadas número 22, 15705 de Santiago de Compostela e con C.I.F.- G 36480598.

**EXPONENTE**

1. Que o Concello de Santiago conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas, para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluídas nelas a realización de accións de produción, fomento e difusión da cultura e da creación.
2. Que o Concello de Santiago desexa promover unha cultura en proceso, creativa e participativa para que a cidade teña entidade como núcleo de produción artística e non só como receptora de grandes espectáculos culturais, e que desexa mellorar a xestión dos recursos, infraestruturas e valores existentes en Compostela a partir de actuacións coordinadas e complementarias na procura dunha verdadeira democracia cultural e co obxectivo de acadar un grao de excelencia nos seus programas.
3. Que para acadar os citados obxectivos o Concello de Santiago considera prioritario apoiar aquelas organizacións que velan pola defensa e posta en valor do noso patrimonio cultural, entre outros, o musical, e nomeadamente o da música tradicional e folque que é un elemento básico do noso acervo cultural, expresión artística e social de carácter ancestral do noso pobo.



## CONCELLO DE SANTIAGO

4. Que a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque tense convertido ao longo dos anos en seña de identidade cultural e referente artístico no contorno compostelán e galego, vinculado sempre á oferta de formación musical de corte tradicional e folque. Que a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque conta ademais coa infraestrutura material e recursos humanos e técnicos propios de conta e calidade razonábel para realizar as actividades que propoñen.
5. Que a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque constitúe un soporte apropiado para ofrecer un amplo abano de materias de formación, técnicos e profesionais de interese para a cidade, a parte doutras iniciativas que puidesen adoptarse encamiñadas á súa función como dinamizador cultural para a cidadanía de Compostela, sendo unha asociación de referencia na materia que é obxecto da súa existencia.
6. Que, á parte doutras, a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque, ten entre os seus fins principais, recollidos estes nos seus estatuto, os que seguen:
  - Dinamizar o interés, a formación e a práctica da música tradicional e folque.
  - Ser punto de encontro e intercambio de coñecemento e experiencias entre profesionais e amadores da música folque e tradicional de ámbito internacional.
  - Facilitar a investigación histórico-musical dentro da asociación, e revalorizar o patrimonio musical galego.
  - Potenciar e dinamizar o mundo da música folque e tradicional entre a xuventude, sendo unha asociación presatadora de servizos á xuventude.
7. As actividades prioritarias para que a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque acadade os seus fins son a realización de ciclos formativos, seminarios, master clases, intercambios ou espectáculos.
8. Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque exercerá a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e ten como sede e centro de referencia Santiago de Compostela.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA:** O obxecto deste convenio é que a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque realice actividades relacionadas coa materia que é obxecto da súa creación vinculada á cidade de Santiago e nomeadamente aos centros socioculturais da cidade. As actividades obxecto deste convenio relacionanse no Anexo 1.

**SEGUNDA:** O Concello comprométese a facer unha aportación total de **20.000 €**, contía contemplada como subvención nominativa do Concello para cultura, consignada no orzamento xeral do Concello para o presente exercicio e cuxo soporte administrativo é este convenio de colaboración. A aportación será ingresada na conta bancaria que facilite a entidade conveniada, con cargo á aplicación orzamentaria 040/33400/48900 do orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela. Esta achega será compatibel coas de outras entidades públicas ou privadas sempre e cando a suma delas non supere o importe total da actividade.

**TERCEIRA:** Tanto na publicidade xenérica da Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque como na publicidade puntual dos programas concertados ou en calquera outro material divulgativo, aparecerá o logótipo do Concello de Santiago de Compostela, sendo identificada a súa colaboración baixo a fórmula: "En convenio con". Asim mesmo calquera presentación pública das actividades conveniadas deberá contar coa participación de representantes das dúas entidades asinantes deste convenio.

**CUARTA:** A cantidade aportada polo Concello de Santiago será transferido á conta ES81 2080 0342 6030 40009110 de Abanca cuxa titularidade é da Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

O pagamento realizarase logo da xustificación do gasto mediante a achega das facturas oficiais e recibos que correspondan, que deberán conter todos os datos do receptor, así como a correspondente retención do IRPF. Poderanse presentar os orixinais ou fotocopias compulsadas, a xustificación realizarase polo importe total da actividade non só pola contía Como documentos acreditativos dos pagos realizados só se aceptarán transferencias bancarias, certificacións de pago emitidas por entidades bancarias (extratos ou asentos de movemento individualizados). Os pagos en efectivo só serán admitidos para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagos baixo outra modalidade, como subministradores en



## CONCELLO DE SANTIAGO

restaurantes, gasolineras, supermercados, etc, non podendo superar en ningún caso a conta de 600 €. Acreditarse o pagamento mediante factura ou recibín asinado polo acreedor indicando a data de abono debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

Terán que achegar os seguintes documentos:

- Documentación acreditativa de que a actividade se realizou segundo o previsto.
- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, que acredite que a entidade está ao corrente nos pagamentos que lle correspondan.
- Certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias
- Certificación do Concello de Santiago de Compostela que acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias.
- Ingreso selado pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente na que se faga constar as contas das axudas asignadas ou recibidas doutras administracións públicas, ou entes públicos ou privados, para o mesmo fin.
- Documento acreditativo de ter realizado os pagamentos.
- Tarxeta de identificación fiscal

A xustificación das contas poderán realizarse de xeito parcial até acadar o máximo da conta concedida. A presentación da xustificación realizarase seguindo o modelo do Anexo 2.

QUINTA: A data límite para a xustificación do convenio é o 15 de decembro de 2017.

SEXTA: Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque poderá realizar xustificacións parciais da subvención até a conta concedida.



## CONCELLO DE SANTIAGO

SEPTIMA: Será responsabilidade da Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requeridas polas actividades incluídas neste convenio. A Asociación será tamén responsábel dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

OITAVA: Este convenio estará vixente durante o ano 2017 e poderá ser prorrogado para o ano seguinte por acordo expreso das partes cos mesmos obxectivos e por unha cuantía económica non inferior, supeditada esta á debida consignación no orzamento.

NOVENA: Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control e seguimento da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido.

DÉCIMA: O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes será causa suficiente de rescisión deste, do mesmo xeito procederá o reintegro da subvención polas causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de subvencións. O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia. As posibles controversias someteranse previamente á interpretación conxunta dos representantes do Concello de Santiago e Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque. Caso de non acadar acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa dos xulgados de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado exemplar, no lugar e data do encabeçamento,

Polo Concello de Santiago

Martín Noriega Sánchez  
*Alcalde de Santiago de Compostela*

Pola Asociación do Conservatorio de  
Música Tradicional e Folque

M<sup>re</sup> Mauro Sanín Leira  
*Tesoureiro*



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **ANEXO 1: ACTIVIDADES DO CONSERVATORIO DE MUSICA TRADICIONAL E FOLQUE PARA O ANO 2017**

No presente documento expóñense as actividades culturais previstas de aCentral Folque para o convenio co Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017. A ubicación das actividades serán os diferentes Centros Socioculturais de xestión municipal.

### **MONOGRÁFICO DE CANTO TRADICIONAL E FONTES**

Imparte Sergio de la Ossa e Paulina Ceremuzynska

Lugar: Auditorio de Galicia

Duración: 8 h

Data: Xaneiro 2017

Curso especial de canto tradicional antigo desde as fontes documentais. Organizado en dúas partes. Unha primeira teórica: sen atender a estilos de interpretación modernos, atenderase ao estudo de análise, identificación das gravacións de campo de cantadoras co etnomusicólogo Sergio de la Ossa. A segunda parte é práctica coa mestra de canto medieval Paulina Ceremuzynska para tentar reproducir coas nosas voces, aquelas que os antigos nos legaron.

### **MONOGRÁFICO DE VIOLINO NA MÚSICA FOLQUE**

Imparte Begoña Riobó

Lugar: CSC Trisca

Duración: 8 h

Data: febreiro 2017

A vixuesa Begoña Riobó, a máis destacada e internacional intérprete galega de violino impartirá este curso monográfico para a música folk. O obradoiro proposto é "Repertorio tradicional de gaita galega adaptado ao violín", no que tratará de forma pormenorizada os repertorios e xeitos de tocar na música tradicional galega contemporánea. Para amosar as técnicas de ornamentación da gaita, o mestre Roberto Sala, fará unha exhibición das posibilidades e articulación no punteiro para música tradicional.

### **MONOGRÁFICO DE FRAUTA E TRAVERSOS**

Imparte Xosé Liz

Lugar: CSC Trisca

Duración: 8 h

Data: febreiro 2017

O multiinstrumentista Xosé Liz impartirá este curso monográfico de frautas travesseiras na música folk. O obradoiro proposto versará sobre técnicas e repertorios deste tipo de frautas na música tradicional galega contemporánea. O especialista en requinta galega, Roberto Sala, ofrecerá o seu apoio ao alumnado principiante.

### **CURSO COMBO MUSICAL FOLQUE**

Imparten Óscar Fernández, Roberto Sala, Paulina Ceremuzynska, José Manuel Díaz, Alejandro Vargas

Lugar: CSC Trisca

Duración: 24 h



## CONCELLO DE SANTIAGO

Data: marzo 2017

Curso de un mes de duración, eminentemente práctico orientado a todo tipo de músicos que queiran tocar en grupo. Con diversos mestres de recoñecido prestixio, os asistentes poderán apreciar distintas aproximacións á interpretación colectiva, improvisación, harmonización, e repertorio. Nomes actuais do folque galego coma Óscar Fernández ou Roberto Sala, ou mestres internacionais residentes en Galiza coma Alejandro Vargas, José Díaz ou Paulina Ceremuzynska dirixirán distintos arranxos sobre cacrións populares.

### **CURSO DE REGUEIFA E IMPROVISACIÓN ORAL**

Imparte: Alba María e Uxia Pedreira

Lugar: CSC Trisca

Duración: 8 h

Data: marzo 2017

O presente curso plantéxase coma unha iniciación ao coñecemento e á práctica da poesía oral improvisada galega, centrándose na regueifa e traballánda dun xeito lúdico. Iniciarémonos nas ferramentas de memoria, rima e recursos léxicos, ademais de ofrecer guías sobre canto, métrica e versificación. Nun pequeno apartado teórico, realizaremos unha breve introdución aos tipos de improvisación oral na Península Ibérica e no resto do mundo, ademais de abarcar as temáticas xerais tratadas neste tipo de actividade.

### **CURSO DE BAILE GALEGO**

Imparte Sergio Cobos

Lugar: CSC Caramoniña

Duración: 8 h

Data: Marzo 2017

Curso de iniciación ao baile galego. En base á estrutura e organización dunha foliada, daráanse as claves máis importantes para a danza galega: soltos de xota e muíña e agarrados de pasodoble, valse, mazurca e rumba. O músico e bailarino compostelán Sergio Cobos dirixe esta sesión para todos os públicos e número limitado de prazas.

### **CURROS COMBO MUSICAL FOLQUE II (avanz.)**

Imparten Pablo Pérez, Óscar Fernández, Roberto Sala, Alejandro Vargas

Lugar: CSC Trisca

Duración: 24 h

Data: abril 2017

Continuación para alumnado avanzado do curso do mesmo no mes anterior. Renovamos algún mestre e renovamos repertorio e arranxos. Orientado a todo tipo de músicos que queiran tocar en grupo. Con diversos mestres de recoñecido prestixio, os asistentes poderán apreciar distintas aproximacións á interpretación colectiva, improvisación, harmonización, e repertorio. Nomes actuais do folque galego coma Óscar Fernández ou Roberto Sala, ou mestres internacionais residentes en Galiza coma Alejandro Vargas, José Díaz ou Paulina Ceremuzynska dirixirán distintos arranxos sobre cancións populares.

### **MASTER CLASS SOBRE DEREITOS AUTORIAIS PARA ARTISTAS**

Imparte Zoila Gulín e Xavier Alonso

Duración: 2 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Data: abril 2017



## CONCELLO DE SANTIAGO

Conferencia e parola entre dous expertos sobre os dereitos autorais para músicos. Distintos puntos de vista sobre a protección da obra artística, a SGAE, o Copyright, o Copyleft,... aplicados á realidade da música popular galega.

### **MASTER CLASS SOBRE MÚSICA POPULAR URBANA**

Imparte Fernando Abreu

Duración: 4 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Data: abril 2017

Conferencia sobre a música popular urbana en Galicia desde finais do século XIX exemplificada na música para clarinete nas bandas, murgas e charangas das vilas e cidades galegas. Imparte o mestre e músico Fernando Abreu.

### **MONOGRÁFICO INTRODUCCIÓN Á ANÁLISE MUSICAL I**

Imparte Sergio de la Ossa

Duración: 8 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Data: abril 2017

Da man de Sergio de la Ossa ofértase este monográfico introductorio á análise musical de melodías tradicionais e á etnomusicoloxía. Sobre cancións tomadas de gravacións de campo a informantes estudiaranse as bases para entender a construción dos elementos esenciais e diferenciais da música galega: entoación, afinación, liña melódica, adaptación ao texto, compás,...

### **CURSO DE GAITA ERUDITA**

Imparte Paulo Gonçalves

Duración: 6 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Data: abril 2017

Curso de gaita cun mestre especialista no repertiro para gaita-de-fole no século XVII e XVIII. Paulo Gonçalves ou Paulo p. falará da organoloxía destes instrumentos históricos e amosará a preparación e adaptación de gaitas actuais galegas para interpretar este repertorio escrito polas elias culturais europeas a finais da época musical barroca.

### **CURSO DE GAITA FOLQUE**

Imparte Pedro Fariña

Duración: 6 horas

Lugar: CSC Trisca

Data: maio 2017


Curso de gaita cun mestre da nova xeración de músicos gaiteiros. Pedro Fariña ensinará técnicas de interpretación para un contexto da gaita con outros temperados: afinación, música sen bordón, estruturación, dinámicas,.... e repertorio popular contemporáneo para gaita na música galega e europea.

### **CURSO DE CANTO E PERCUSIÓN I**

Imparte Olga Kirk

Duración: 6 horas

Lugar: Auditorio de Galicia



## CONCELLO DE SANTIAGO

Data: maio 2017

Curso de canto acompañado de percusión con **Olga Kirk** específico para o repertorio da Limia e Baixa Limia. Está orientado a persoas que teñan un mínimo de coñecemento do canto tradicional e queiran coñecer os xeitos, estilos e repertorios desta zona de Ourense.

### **CURSO DE HISTORIA DA MÚSICA GALEGA I**

Imparte Ramon Pinheiro

Duración: 12 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Data: maio 2017

Curso de varias semanas para aproximarse aos contextos onde a música patrimonial galega se leva producindo nos últimos séculos. Este curso é inminentemente teórico e pretende servir de marco para o coñecemento e fundamento da música popular galega entendida nun contexto cultural global.

### **CURSO DE REGRAXE DE ZANFONA.**

Imparte Jaime Rebollo e Óscar Fernández

Duración: 12 horas

Lugar: CSC Trisca

Data: xuño 2016

Jaime Rebollo imparte este curso de reglaxe de zanfonas. Os contidos do curso versarán sobre organoloxía, ferramentas, inventos e reglaxe: elementos resonadores, mecánica, solución de problemas comúns, supervisión de problemas particulares en cada zanfona, trucos,... O curso terá o apoio do músico e zanfonista Óscar Fernández.

### **CURSO DE HISTORIA DA MÚSICA GALEGA II**

Imparte Ramon Pinheiro

Duración: 12 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Data: xuño 2017

Continuación do curso do mes de maio para aproximarse aos contextos onde a música patrimonial galega se leva producindo nos últimos séculos. Este curso é eminentemente teórico e pretende servir de marco para o coñecemento e fundamento da música popular galega entendida nun contexto cultural global.

### **MONOGRÁFICO DE BAILES EUROPEOS**


Imparten Sergio Cobos Mercedes Prieto

Duración: 6 horas

Lugar: CSC Trisca

Data: xuño 2017

Curso de iniciación ás danzas do “bal folk”, ou bailes tradicionais europeos que están a coller unha inusitada fama no continente grazas a festivais coma o de Genetines en Francia ou o Andanças en Portugal. Bailes para todos os niveis: circulos circasianos, chapelisse, corridinhos, bourrees, schottishes de orixe foránea ademais do comúns cos galegos polca, valse, mazurca e rumba. Dúas sesións de aproximación a os baieles de moda para todos os públicos e número limitado de prazas.



## **CONCELLO DE SANTIAGO**

### **CURSO DE CANTO E PERCUSIÓN II**

Imparte: Felisa Segade e Paulina Ceremuzynska.

Duración: 6 horas

Lugar: CSC Trisca

Data: maio 2017

O canto tradicional galego está intimamente ligado á percusión de mao. É importante tocar e coñecer os instrumentos que acompañan á voz. Podemos atopar instrumentos fabricados como tales: pandeireta, pandeira, pandeiro, tambor (femenino). Achégáramonos ó canto de diferentes zonas a través dos seus instrumentos de mao.

### **CONCERTO DE PRIMAVERA**

Duración: 2 horas (+ horas de preparación co alumnado + gravación en estudo)

Data: xuño 2017

Lugar: Praza da Quintana

Recital de alumnado e mestrado dos cursos d'aCentral Folque. Concerto no que o público poderá ver o traballo realizado por profesores e alumnos. Haberá representación de todas as especialidades: violín, zanfona, percusión, gaita, canto e requinta e das diferentes agrupacións da escola. O concerto será gravado polo estudo A Ponte.

### **CONCERTO DE OUTONO**

Duración: 2 horas (+ horas de preparación co alumnado)

Data: outubro 2017

Lugar: Auditorio de Galicia

Recital de alumnado e mestrado para presetación dos cursos d'aCentral Folque no 2017-18. O concerto estará dirixido polos mestres María García Blanco e Javier María López que sintetizarán as mellores ideas e repertorio do curso anterior nun espectáculo na Sala Mozart do Auditorio de Galicia.

### **CURSO DE HISTORIA DA MÚSICA GALEGA III**


Imparte: Ramon Pinheiro

Duración: 6 horas

Lugar: Auditorio de Galicia

Data: outubro 2017

Continuación do curso do mes de xuño para aproximarse aos contextos onde a música patrimonial galega se leva producindo nos últimos séculos. Este curso é eminentemente teórico e pretende servir de marco para o coñecemento e fundamento da música popular galega entendida nun contexto cultural global.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES DO 2017

#### GASTOS ESTIMADOS

<b>Concertos</b>			
CONCERTO DE PRIMAVERA	3000 €		
CONCERTO DE OUTONO	1000 €		
<b>Cursos</b>			
CURSO DE CANTO TRADICIONAL	1800 €		
CURSO COMBO MUSICAL FOLQUE	2000 €		
CURSO DE REGUEIFA E IMPROVISACIÓN ORAL	1000 €		
CURSO DE BAILE GALEGO	1000 €		
CURSO COMBO MUSICAL FOLQUE II (avanz.)	2000 €		
CURSO DE GAITA ERUDITA	500 €		
CURSO DE GAITA FOLQUE	500 €		
CURSO DE HISTORIA DA MÚSICA GALEGA I	1000 €		
CURSO DE REGRAXE DE ZANFONA	1200 €		
CURSO DE HISTORIA DA MÚSICA GALEGA II	1000 €		
CURSO DE HISTORIA DA MÚSICA GALEGA III	1000 €		
<b>Monográficos</b>			
MONOGRÁFICO DE VIOLINO NA MÚSICA FOLQUE	1200 €		
MONOGRÁFICO DE FRAUTA E TRAVERSOS	1000 €		
MONOGRÁFICO SOBRE DEREITOS AUTORIAIS	400 €		
MONOGRÁFICO SOBRE MÚSICA POPULAR URBANA	400 €		
MONOGRÁFICO INTRODUCIÓN Á ANÁLISE MUSICAL I	1000 €		
MONOGRÁFICO DE CANTO E PERCUSIÓN I	700 €		
MONOGRÁFICO DE CANTO E PERCUSIÓN II	700 €		
MONOGRÁFICO DE BAILES EUROPEOS	1000 €		
<b>TOTAL GASTOS ESTIMADOS</b>			<b>23.400 €</b>
<b>INGRESOS ESTIMADOS</b>			
<b>Alugueres</b>			
AUDITORIO DE GALICIA			
11 medias xornadas en diversas salas		1.584 €	
CSC TRISCA			
Aluguer dunha sala 102 horas	969 €		
CSC CARAMONIÑA			
Aluguer dunha sala 8 horas	76 €		
<b>Entradas/ matriculas</b>			<b>735 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>			<b>3.364 €</b>



